

1

XANEIRO
Buenos Aires 19 de ~~marzo~~ ~~1952~~ 1952.

Sr.D.

Ramón Piñeiro

Santiago de Compostela

Querido amigo: Recibín a túa carta escrita con motivo d-un artigo de Del Riego que che agradezco moito. De tí, coma de todol-os amigos que estas ahí, lembrodecote. As vegadas falei de tí con un grande amigo teu, de Lugo, que che estima fondamente, Lorenzo Varela, que agora está en Montevideo, un dos máis importantes poetas nosos e cuxa laboura é cuasí descoñecida n-esa. De tí e de Fole (dequén on sei ren e ao que adiquei un libro, de dibuxos fai anos, "Homenaje a la Torre de Hércules" que nunca puideren remitirille por non ter o seu enderezo), falamos Varela i-eu lembrándonos. Pra mín recibir a tua carta despóis de tantos anos de ter novas cuasí perdidas túas, constituiu un contento como non podeades ter idea os que n-esa vivides. Eiquí estamos isolados traballando, coma podemos, facendo máis do que podemos en meo d-este enorme engano. Pol-a nosa parte temos a orguiz gulo afirmar que soios fixemos tanto por Galiza en doce anos como toda a colectividade xunta n-ese mesmo tempo, aínda que ahí pensades outras cousas xa que non tedes máis informazón que as nosas correspondencias en Bos Airesaos viaxeiros, ox que podent ir a esa por inócuos que xa é importante que vos visitan cada Día de Sant-Iago. Máis todo está ben. Non nos abandoamos á propia loita e xa chegará o día das aclaracións sen perdón.

Leín o teu magnífico traballo sobre a saudade, xa o tiña lido no número 1 de Grial e agradézoche moito o envío da separata. Chamoume atención sobre todo a interpretación galaico-portuguesa de filosofía feita sobre a base do sentimento común da saudade.

Piñeiroa gradézoche as tuas verbas d-alento, xa escomeza a facernos falla aos que traballamos lonxe da terra, dosx amigos e de todo aquilo qu-estimamos.

Recibe a forte aperta d-este amigo do que podes dispor: